

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

4555 *Real decreto 345/2011, do 11 de marzo, sobre xestión da seguridade das infraestruturas viarias na Rede de Estradas do Estado.*

A mellora da seguridade da circulación é un dos principais obxectivos da xestión das infraestruturas viarias da rede de estradas estatal que desenvolve o Goberno da Nación e o seu fin último é conseguir reducir na maior medida posible as consecuencias humanas, sociais e económicas dos accidentes de circulación. Consecuencia diso son as numerosas actuacións que o Goberno da Nación veu desenvolvendo nos últimos anos para modernizar a rede viaria e mellorar e reforzar os equipos de seguridade das estradas españolas. Nesta mesma liña, incorporáronse criterios de seguridade viaria entre os determinantes da planificación, proxecto e construción das novas estradas, así como na mellora das xa existentes. Como froito de todo iso, a mellora da rede estatal de estradas experimentada nos últimos anos contribuíu substancialmente á importante redución da accidentalidade que se logrou no noso país.

Así mesmo, a mellora das infraestruturas viarias constitúe un dos piares básicos da política de seguridade viaria da Comisión Europea. Un obxectivo fundamental desta política, pola súa importancia para a integración e cohesión europea, é o de incrementar o nivel de seguridade na Rede Transeuropea de Estradas. Con este fin aprobouse a Directiva 2008/96/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, sobre xestión da seguridade das infraestruturas viarias, en que se establecen unha serie de procedementos destinados a conseguir un nivel de seguridade elevado e homoxéneo na citada rede.

Este real decreto dítase co obxecto de incorporar ao ordenamento xurídico o disposto na Directiva 2008/96/CE, e regula o establecemento e a aplicación dos métodos de actuación en materia de xestión da seguridade das infraestruturas viarias recollidos na dita directiva nas vías integrantes da Rede Transeuropea de Estradas que formen parte da Rede de Estradas do Estado.

Os métodos de actuación que se recollen, e que se encadran dentro do marco xeral establecido pola Lei 25/1988, do 29 de xullo, de estradas, son: a avaliación do impacto das infraestruturas viarias na seguridade na fase inicial da planificación; as auditorías de seguridade viaria nas fases de anteprojecto, proxecto, na previa á posta en servizo e no período inicial en servizo das estradas; a clasificación de seguridade dos tramos da rede atendendo á concentración de accidentes e ao potencial de mellora da seguridade, o tratamento prioritario dos tramos de concentración de accidentes e dos que presenten un maior potencial de aforro de custos causados polos accidentes; así como a realización periódica de inspeccións de seguridade viaria nas estradas en servizo.

Nesta norma establécense os contidos, procedementos, informes resultantes e os efectos de cada un dos métodos de actuación que integrarán a xestión da seguridade das infraestruturas viarias no seu ámbito de aplicación. Regúlase tamén a composición dos equipos encargados de realizar as auditorías de seguridade viaria, o programa de formación e o procedemento de acreditación e os requisitos que se exixirán aos auditores de seguridade viaria. Ademais, especificase a titulación e a experiencia que se lles requirirá aos técnicos encargados de realizar os estudos detallados sobre os tramos de concentración de accidentes, os tramos de alto potencial de mellora da seguridade e as inspeccións de seguridade viaria nas estradas en servizo.

Tamén se establece como se deben aplicar os métodos regulados segundo a fase administrativa en que se encontren as actuacións que estean en marcha na data da súa entrada en vigor e se regula a concesión de certificados de aptitude aos auditores de seguridade viaria durante o período inicial tras a súa entrada en vigor.

Así mesmo, incorpóranse ao dereito español os requirimentos establecidos na citada Directiva 2008/96/CE en materia de xestión de datos no relativo ao cálculo do custo social medio dos accidentes de circulación. Con iso complementase o prescrito acerca do Rexistro Estatal de Víctimas e Accidentes de Tráfico no título VI da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobada polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, e o referente á estatística de accidentes de circulación, regulado na Orde do Ministerio de Relacións coas Cortes e da Secretaría do Goberno do 18 de febreiro de 1993, disposicións con que xa están incorporados ao ordenamento xurídico español os requirimentos relativos aos informes de accidentes mortais establecidos no artigo 7, número 1, da Directiva 2008/96/CE. En virtude do establecido na citada Orde do 18 de febreiro de 1993, o Ministerio de Fomento como Administración competente en materia de infraestruturas viarias recibe a información estatística de accidentes solicitada, de forma que a pode utilizar na aplicación dos métodos regulados neste real decreto.

Este real decreto inclúe tres anexos. No primeiro concrétese o contido das avaliacións de impacto das infraestruturas viarias na seguridade e no segundo o das auditorías de seguridade viaria. O terceiro recolle criterios para a xestión da seguridade das infraestruturas viarias en servizo.

Durante a tramitación deste real decreto foron oídos os sectores afectados e solicitouse informe á Dirección Xeral de Tráfico, á Secretaría Xeral Técnica do Ministerio do Interior, á Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Economía e Facenda, ao Consello de Obras Públicas, á Delegación do Goberno nas Sociedades Concesionarias de Autoestradas Nacionais de Peaxe e ao Consello de Estado.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.24.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre as obras públicas de interese xeral, e enmárcase dentro das potestades regulamentarias atribuídas ao Goberno pola disposición adicional segunda da Lei 25/1988, do 29 de xullo, de estradas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de marzo de 2011,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e finalidade.*

Este real decreto ten por obxecto o establecemento dos procedementos relacionados coas avaliacións de impacto das infraestruturas viarias na seguridade, as auditorías de seguridade viaria, a xestión da seguridade das infraestruturas viarias en servizo e as inspeccións de seguridade viaria, co fin de conseguir un nivel de seguridade elevado e homoxéneo nas estradas integrantes da Rede Transeuropea de Estradas que forman parte da Rede de Estradas do Estado.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

As prescricións deste real decreto aplicaranse a todas as estradas integrantes da Rede Transeuropea que forman parte da Rede de Estradas do Estado, independentemente de que se encontren en fase de planificación, proxecto, construción ou servizo.

Estarán excluídos do disposto neste real decreto os túneles de estrada comprendidos no ámbito de aplicación do Real decreto 635/2006, do 26 de maio, polo que se regulan os requisitos mínimos de seguridade nos túneles de estradas do Estado.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos de aplicación deste real decreto entenderase por:

1. Rede Transeuropea de Estradas: a rede de estradas descrita na sección 2 do anexo I da Decisión n.º 1692/96/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 1996, sobre as orientacións comunitarias para o desenvolvemento da Rede Transeuropea de Transporte.
2. Actuación: conxunto de actividades cuxo obxecto é a construción ou mellora dun tramo de estrada, que comprende desde a fase de planificación ata a súa posta en servizo.
3. Modificacións substanciais dunha estrada: actuacións que inclúan duplicacións de calzada, variantes de poboación ou obras de acondicionamento de estradas existentes nunha lonxitude continuada de máis de 10 km.
4. Obras de acondicionamento: obras cuxa finalidade é a modificación das características xeométricas da estrada existente, con actuacións tendentes a mellorar os tempos de percorrido, o nivel de servizo e a seguridade da circulación.
5. Proxecto de infraestrutura: proxecto para a construción dunha infraestrutura viaria nova ou a modificación substancial de infraestruturas da rede xa existente con efectos no fluxo de tráfico, que inclúe todas as fases do seu desenvolvemento: proxecto de trazado, proxecto de construción e proxecto de construción modificado.
6. Avaliación do impacto das infraestruturas viarias na seguridade: análise estratéxica comparativa da repercusión dunha estrada nova ou da modificación substancial dunha estrada xa existente sobre a seguridade da rede de estradas.
7. Auditoría de seguridade viaria: comprobación independente, pormenorizada, sistemática e técnica da seguridade das características de deseño dun proxecto de infraestruturas viarias, aplicada ás diferentes fases que van desde o anteprojecto á explotación na súa fase inicial.
8. Equipo de auditoría: grupo de técnicos expertos en enxeñaría de estradas e en seguridade das infraestruturas viarias, independentes dos que redacten un proxecto, encargado de realizar a auditoría de seguridade viaria.
9. Auditor principal: técnico responsable dun equipo de auditoría e da redacción dos informes de auditoría correspondentes.
10. Auditor auxiliar: técnico que forma parte dun equipo de auditoría.
11. Informe de auditoría: documento en que se reflicte o resultado dunha auditoría de seguridade viaria.
12. Informe resposta: informe en que se reflicten as decisións adoptadas como consecuencia do especificado no correspondente informe de auditoría.
13. Tramo de concentración de accidentes (TCA): tramo de estrada de lonxitude non superior a 3 km, salvo excepcións xustificadas, que leve en explotación máis de tres anos, en que as estatísticas de accidentes rexistrados indican que o nivel de risco de accidente é significativamente superior ao daqueles tramos da rede con características semellantes.
14. Tramo completo de estrada: tramo de estrada comprendido entre dous elementos en que se poden producir modificacións nas condicións do tráfico ou da propia estrada que afectan a seguridade viaria: nós (interseccións ou enlaces, poboacións ou límites provinciais).
15. Clasificación do potencial de mellora de seguridade das estradas da rede: método para agrupar os tramos completos da rede de estradas en servizo atendendo ao seu potencial de mellora da seguridade e de aforro de custos orixinados polos accidentes de circulación.
16. Tramo de alto potencial de mellora da seguridade (TAPM): tramo completo de estrada cun alto potencial de aforro dos custos orixinados polos accidentes en que se espera que unha mellora da infraestrutura sexa altamente efectiva.
17. Inspección de seguridade viaria: comprobación ordinaria periódica das características e dos defectos que requiren unha intervención de mantemento por motivos de seguridade.

18. Directrices: pautas sobre os pasos que se deben dar e os elementos que se deben ter en conta á hora de aplicar os procedementos en materia de seguridade establecidos por este real decreto e o seu proceso de aplicación.

CAPÍTULO II

Avaliación do impacto das infraestruturas viarias na seguridade

Artigo 4. *Contido.*

A avaliación do impacto das infraestruturas viarias na seguridade consistirá na realización dunha análise estratéxica comparativa na fase inicial de planificación co fin de determinar a repercusión dunha estrada de novo trazado ou da modificación substancial dunha estrada xa existente sobre a seguridade da rede viaria. Esta avaliación levarase a cabo en todos os proxectos de infraestrutura de estradas que se encontren dentro do ámbito de aplicación deste real decreto.

A avaliación do impacto na seguridade incluírá unha análise cualitativa e cuantitativa do efecto das alternativas previstas sobre a seguridade co fin de asegurar unha consideración explícita das consecuencias da adopción das distintas alternativas nos niveis de seguridade. O seu contido responderá ao establecido no anexo I.

Artigo 5. *Procedemento.*

A avaliación do impacto das infraestruturas viarias na seguridade realizarase durante a elaboración do estudo informativo dunha actuación. A Dirección Xeral de Estradas ditará as instrucións pertinentes que definan as directrices do procedemento de realización das ditas avaliacións.

Artigo 6. *Informe.*

O informe de avaliación do impacto das infraestruturas viarias na seguridade deberá expor as consideracións en materia de seguridade que resulten relevantes para a elección da solución proposta no estudo informativo. Ademais, deberá facilitar a información necesaria para realizar unha análise custo-beneficio das distintas opcións examinadas.

O informe de avaliación de impacto das infraestruturas viarias na seguridade incorporarse ao expediente do estudo informativo.

Artigo 7. *Efectos.*

Os resultados da avaliación de impacto das infraestruturas viarias na seguridade serán tidos en consideración expresamente na análise que sirva de base para a elección da alternativa que se propoña no estudo informativo.

CAPÍTULO III

Auditorías de seguridade viaria

Artigo 8. *Contido.*

As auditorías de seguridade viaria consistirán nunha comprobación independente pormenorizada, sistemática e técnica da seguridade das características do deseño dun proxecto de infraestrutura viaria por parte de auditores de seguridade viaria debidamente acreditados. O seu obxectivo consistirá en identificar os potenciais problemas que puidesen afectar a seguridade co fin de que se adopten as medidas que resulten viables para eliminar ou paliar os ditos problemas e levaranse a cabo en todos os proxectos de infraestrutura de estradas incluídas dentro do ámbito de aplicación deste real decreto.

As auditorías de seguridade viaria formarán parte integrante dos procesos de proxecto e construción dunha estrada nova e de modificación substancial dunha estrada xa existente nas fases de anteprojecto, proxecto de trazado, proxecto de construción, na previa á posta en servizo e na fase inicial en servizo. Serán tamén obxecto de auditorías de seguridade viaria os proxectos de construción modificados que se redacten na fase de construción.

O contido das auditorías de seguridade viaria responderá ao establecido no anexo II.

Artigo 9. *Procedemento.*

As auditorías de seguridade viaria de cada fase serán procesos independentes. En cada unha delas redactarase un informe de auditoría.

A Dirección Xeral de Estradas ditará as instrucións pertinentes que definan as directrices do procedemento de realización de auditorías de seguridade viaria.

Artigo 10. *Equipos de auditoría.*

As auditorías de seguridade viaria serán realizadas por equipos de auditoría cuxos compoñentes deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 12 correspondentes á fase en que se encontre a actuación que se vai auditar.

En cada caso, a Dirección Xeral de Estradas establecerá a composición do equipo de auditoría, que deberá incluír como mínimo un auditor principal e un auditor auxiliar. Cando as circunstancias da actuación o aconsellen, no equipo de auditoría integranse técnicos especialistas nas materias específicas necesarias.

A designación dos auditores de seguridade viaria realizaraa a Dirección Xeral de Estradas entre aqueles que cumpran os requisitos establecidos.

O equipo de auditoría revisará os aspectos relacionados coa seguridade dunha actuación de acordo co nivel de detalle con que estea definida, para identificar os elementos de deseño críticos desde o punto de vista da seguridade e as deficiencias e as omisións que poidan comprometer a seguridade. Tamén deberá prestar o asesoramento que se lle requira para a definición das posibles solucións.

Artigo 11. *Formación e acreditación dos auditores de seguridade viaria.*

A Dirección Xeral de Estradas establecerá un programa de formación inicial e un programa de actualización periódica de coñecementos dos auditores de seguridade viaria. Así mesmo, por orde do ministro de Fomento establecerase un procedemento de acreditación e certificación de aptitude dos ditos auditores.

Artigo 12. *Requisitos dos auditores de seguridade viaria.*

Os auditores de seguridade viaria que desempeñen as funcións previstas neste real decreto poderán ter unha relación funcional ou contractual coa Dirección Xeral de Estradas, pero non recibirán instrucións desta en relación co resultado da auditoría.

Deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Auditores principais nas fases de anteprojecto e proxecto:

1. Ter experiencia ou formación específicas en deseño de estradas, enxeñaría da seguridade viaria e análise de accidentes.

2. Ter realizado o programa de formación de auditores a que se refire o artigo 11, ter superado as probas de acreditación que se establezan e ter participado no equipo de auditoría de tres proxectos de estradas das fases de anteprojecto ou proxecto baixo a dirección dun auditor principal acreditado.

3. Formación continua: ter realizado coa periodicidade que se estableza os cursos periódicos de actualización de coñecementos a que se refire o artigo 11.

4. Independencia: o auditor non deberá ter participado, no momento da auditoría, na elaboración do anteprojecto ou proxecto da estrada en cuestión.

b) Auditores principais das fases previa á posta en servizo e inicial en servizo:

1. Ter experiencia ou formación específicas en deseño de estradas, enxeñaría da seguridade viaria e análise de accidentes.

2. Ter realizado o programa de formación de auditores a que se refire o artigo 11, ter superado as probas de acreditación que se establezan e ter participado no equipo de auditoría de tres proxectos de estradas das fases previa á posta en servizo ou fase inicial en servizo baixo a dirección dun auditor principal acreditado.

3. Formación continua: ter realizado coa periodicidade que se estableza os cursos periódicos de actualización de coñecementos a que se refire o artigo 11.

4. Independencia: o auditor non deberá ter participado na elaboración do anteproxecto ou proxecto ou na construción da estrada en cuestión.

c) Auditores auxiliares:

1. Ter experiencia ou formación específicas en deseño de estradas, enxeñaría da seguridade viaria e análise de accidentes.

2. Ter realizado o programa de formación de auditores a que se refire o artigo 11 e ter superado as probas de acreditación que se establezan.

3. Formación continua: ter realizado coa periodicidade que se estableza os cursos periódicos de actualización de coñecementos a que se refire o artigo 11.

4. Independencia: o auditor auxiliar non deberá ter participado, no momento da auditoría, na elaboración do anteproxecto ou proxecto ou na construción da estrada en cuestión.

Artigo 13. *Informes.*

O auditor principal exporá no informe de auditoría os elementos de deseño críticos desde o punto de vista da seguridade e as deficiencias e omisións identificadas na fase da actuación obxecto da auditoría, e detallará a natureza do risco para a seguridade que poidan supor. O contido dos informes responderá ao fixado no anexo II e nas directrices a que se refire o artigo 9.

O informe de auditoría de seguridade viaria incorporárase ao expediente da fase da actuación a que corresponda.

Artigo 14. *Efectos.*

Nas fases de anteproxecto e proxecto realizaranse as modificacións do proxecto que resulten viables para eliminar ou paliar os problemas identificados no informe de auditoría tendo en conta os condicionamentos técnicos e económicos.

Na fase previa á posta en servizo adoptaranse as medidas que resulten viables para eliminar ou paliar as deficiencias e omisións que fosen identificadas no informe de auditoría tendo en conta os condicionamentos técnicos e económicos.

Na fase inicial en servizo, adoptaranse, de ser o caso, as medidas que resulten viables para atenuar os problemas de seguridade identificados no informe de auditoría á luz do comportamento real dos usuarios, tendo en conta os condicionamentos técnicos e económicos.

En todos os casos a Dirección Xeral de Estradas redactará un informe resposta en que se detallarán os aspectos técnicos das medidas adoptadas como consecuencia do especificado no correspondente informe de auditoría e exporanse, se é o caso, as razóns por que non se procedeu á modificación do deseño en correspondencia con algún dos elementos de risco sinalados no informe de auditoría. O contido dos informes resposta responderá ao fixado nas directrices a que se refire o artigo 9.

O informe resposta incorporárase ao expediente da fase da actuación a que corresponda.

CAPÍTULO IV

Xestión da seguridade das infraestruturas viarias en servizo

Artigo 15. *Contido.*

A xestión da seguridade nas estradas incluídas dentro do ámbito de aplicación deste real decreto incluírá a identificación e o tratamento dos tramos de concentración de accidentes (TCA) e dos tramos de alto potencial de mellora da seguridade (TAPM).

A identificación de TCA e de TAPM levarase a cabo cada tres anos sobre a base da análise da accidentalidade na rede de estradas en servizo cos criterios establecidos no anexo III.

A Dirección Xeral de Estradas realizará un estudo detallado dos TCA e dos TAPM detectados que terá como fin identificar os elementos da configuración da estrada que puideren contribuír a que se acumulen os accidentes e propor as medidas correctivas ou preventivas adecuadas. Os técnicos encargados da realización dos estudos detallados de actuacións deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 12.c).1.

Por outra banda, a Dirección Xeral de Estradas velará polo establecemento da sinalización e o balizamento adecuados para anunciar aos usuarios os tramos de estrada que se encontren en obras, conforme a normativa vixente.

Artigo 16. *Procedementos.*

A Dirección Xeral de Estradas establecerá as instrucións pertinentes que definan as directrices do procedemento para a xestión da seguridade das infraestruturas viarias en servizo.

Artigo 17. *Efectos.*

A Dirección Xeral de Estradas concederá prioridade nos seus programas de actuacións de mellora das infraestruturas á execución das medidas de maior índice de eficacia que deriven dos estudos de TCA e de TAPM.

A Dirección Xeral de Estradas velará por que os usuarios das estradas estean informados da existencia de tramos de estrada con alta concentración de accidentes.

CAPÍTULO V

Inspeccións de seguridade viaria

Artigo 18. *Contido.*

A Dirección Xeral de Estradas levará a cabo periodicamente inspeccións das estradas incluídas dentro do ámbito de aplicación deste real decreto a través das cales se identificarán os elementos da estrada susceptibles de mellora en que se requira unha actuación de mantemento por motivos de seguridade.

A Dirección Xeral de Estradas realizará tamén comprobacións das posibles repercusións das obras viarias sobre a seguridade do fluxo de tráfico nas ditas estradas e velará por que se adopten as medidas de seguridade pertinentes.

Artigo 19. *Procedemento.*

A Dirección Xeral de Estradas ditará as instrucións pertinentes que definan as directrices do procedemento para a realización de inspeccións de seguridade viaria.

Artigo 20. *Requisitos dos inspectores.*

Os inspectores de seguridade viaria que desempeñen as funcións previstas neste real decreto poderán ter unha relación funcionarial ou contractual coa Dirección Xeral de Estradas e deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 12.c).1.

Artigo 21. *Efectos.*

As inspeccións de seguridade viaria darán como resultado unha proposta das actuacións preventivas que requiran unha actuación de mantemento.

A Dirección Xeral de Estradas incluírá estas medidas nos programas de mellora da seguridade viaria e executaráas no menor prazo posible en función da súa idoneidade técnica e da dispoñibilidade orzamentaria.

CAPÍTULO VI

Xestión de datos

Artigo 22. *Cálculo do custo social dos accidentes.*

A Dirección Xeral de Tráfico calculará o custo social medio dos accidentes mortais e dos accidentes graves que se produzan en España. O cálculo destes custos actualizarase cada cinco anos.

Disposición transitoria primeira. *Actuacións sen estudo informativo aprobado.*

As actuacións cuxo estudo informativo non fose aprobado provisionalmente antes da entrada en vigor das directrices a que se refire o artigo 5 pola Dirección Xeral de Estradas ou, de ser o caso, polo ministro de Fomento, segundo o establecido no artigo 32 do Regulamento xeral de estradas aprobado polo Real decreto 1812/1994, do 2 de setembro, serán obxecto de avaliación do impacto das infraestruturas viarias na seguridade de acordo co establecido no capítulo II.

Disposición transitoria segunda. *Actuacións con estudo informativo aprobado.*

As actuacións cuxo estudo informativo fose aprobado provisionalmente antes da entrada en vigor das directrices a que se refire o artigo 5 pola Dirección Xeral de Estradas ou, de ser o caso, polo ministro de Fomento, segundo o establecido no artigo 32 do Regulamento xeral de estradas, non serán obxecto de avaliación do impacto das infraestruturas viarias na seguridade.

Disposición transitoria terceira. *Actuacións sen anteproxecto aprobado.*

As actuacións para as cales se requira a elaboración dun anteproxecto e este non fose aprobado provisionalmente antes da entrada en vigor das directrices a que se refire o artigo 9 pola Dirección Xeral de Estradas ou, de ser o caso, polo ministro de Fomento, segundo o establecido no artigo 32 do Regulamento xeral de estradas, serán obxecto de auditoría de seguridade viaria nas fases de anteproxecto e proxecto, na previa á posta en servizo e na inicial en servizo, de acordo co establecido no capítulo III.

Disposición transitoria cuarta. *Actuacións con anteproxecto aprobado.*

As actuacións para as cales se requira a elaboración dun anteproxecto e este fose aprobado provisionalmente antes da entrada en vigor das directrices a que se refire o artigo 9 pola Dirección Xeral de Estradas ou, de ser o caso, polo ministro de Fomento, segundo o establecido no artigo 32 do Regulamento xeral de estradas, non serán obxecto de auditoría de seguridade viaria na fase de anteproxecto.

Disposición transitoria quinta. *Actuacións sen proxecto aprobado.*

As actuacións cuxo proxecto nalgunha das súas fases non fose aprobado provisionalmente antes da entrada en vigor das directrices a que se refire o artigo 9 pola Dirección Xeral de Estradas ou, de ser o caso, polo ministro de Fomento, segundo o establecido no artigo 32 do Regulamento xeral de estradas, serán obxecto de auditoría de seguridade viaria naquelas fases que non fosen aprobadas e nas fases previa á posta en servizo e inicial en servizo, de acordo co establecido no capítulo III.

Disposición transitoria sexta. *Actuacións con proxecto de construción aprobado.*

As actuacións cuxo proxecto de construción estea aprobado provisionalmente pola Dirección Xeral de Estradas ou, de ser o caso, polo ministro de Fomento, segundo o establecido no artigo 32 do Regulamento xeral de estradas, pero que non se puxeron en servizo con anterioridade á data de entrada en vigor das directrices a que se refire o artigo 9, serán obxecto de auditoría de seguridade viaria nas fases previa á posta en servizo e inicial en servizo de acordo co establecido no capítulo III. Tamén serán obxecto de auditoría de seguridade viaria os proxectos de construción modificados que non foron aprobados con anterioridade á citada data.

Disposición transitoria sétima. *Acreditación de auditores.*

Durante un período de dous anos desde a entrada en vigor das directrices a que se refire o artigo 9, as auditorías de seguridade viaria poderán ser realizadas por técnicos en seguridade das infraestruturas viarias que reúnan os requisitos establecidos nos números 1 e 4 das letras a) b) e c) do artigo 12. Transcorrido este período, estas auditorías só as poderán realizar auditores de seguridade viaria acreditados que reúnan todos os requisitos previstos no artigo 12.

Disposición transitoria oitava. *Estradas en servizo.*

A xestión da seguridade das infraestruturas viarias en servizo realizarase de acordo cos requirimentos deste real decreto a partir da data de entrada en vigor das directrices a que se refire o artigo 16.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.24.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as obras públicas de interese xeral.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2008/96/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, sobre xestión da seguridade das infraestruturas viarias.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento normativo.*

Habílitase o ministro de Fomento para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto no ámbito das súas competencias, así como para modificar os seus anexos cando sexa necesario como consecuencia do que dispoña a normativa comunitaria. En particular, habílitase o ministro de Fomento para o establecemento do procedemento de acreditación e certificación de aptitude dos auditores de seguridade viaria a que fai referencia o artigo 11.

Habílitase o ministro do Interior para ditar as normas necesarias, dentro do ámbito das súas competencias, para o desenvolvemento e aplicación do disposto no artigo 22 deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Prazos para o establecemento das directrices, do programa de formación dos auditores de seguridade viaria e do seu procedemento de acreditación e certificación.*

Antes do 19 de decembro de 2011, a Dirección Xeral de Estradas ditará as instrucións pertinentes que definan as directrices a que se refiren os artigos 5, 9, 16 e 19 e establecerá o programa de formación de auditores de seguridade viaria a que se refire o artigo 11. Así mesmo, antes da citada data, o ministro de Fomento ditará a Orde pola que se estableza o procedemento de acreditación e certificación de aptitude dos auditores.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de marzo de 2011

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,
JOSÉ BLANCO LÓPEZ

ANEXO I

Contido das avaliacións de impacto das infraestruturas viarias na seguridade

As avaliacións de impacto das infraestruturas na seguridade considerarán os seguintes aspectos:

- Análise da situación actual da seguridade viaria no ámbito do estudo informativo.
- Estimación da evolución da seguridade viaria na hipótese de inacción.
- Obxectivos de redución de accidentes e vítimas da actuación obxecto do estudo fronte ao suposto de inacción.
- Análise das condicións de seguridade de cada alternativa para os usuarios das estradas, incluídos os usuarios vulnerables cuxa presenza habitual sexa previsible tendo en conta as características da estrada definidas no estudo informativo e as do tráfico previsto.
- Análise dos efectos da construción das estradas obxecto do estudo na seguridade das vías existentes.
- Análise dos efectos da estacionalidade e das condicións meteorolóxicas na seguridade da circulación.
- Análise dos efectos da orientación dos corredores de trazado considerados nas distintas alternativas e as súas consecuencias en canto aos problemas de cegamento polo sol e de sombra e formación de xeo.
- Análise da necesidade de dispor zonas de descanso e aparcadoiros de emerxencia.
- Análise do potencial risco para a circulación asociado á actividade sísmica.
- Estimación do tráfico e da accidentalidade en función das características das alternativas consideradas.

ANEXO II

Contido das auditorías de seguridade viaria

1. Nas fases de anteproxecto e proxecto de trazado: os aspectos que se deben revisar nas auditorías de seguridade viaria dos anteproxectos e os proxectos de trazado son, entre outros, os seguintes:

Alcance do estudo.

- Velocidade de proxecto.
- Tipo e grao de accesibilidade.
- Sección transversal tipo.
- Elección das alternativas de trazado.
- Nós previstos (número e movementos permitidos).
- Zonas de descanso e servizos.
- Posibles problemas de seguridade de todos os tipos de usuarios.
- Condições meteorolóxicas e características naturais do lugar.
- Permeabilidade transversal da estrada.
- Iluminación.
- Dispositivos de cerramento e escape de fauna.
- Impactos na rede viaria existente e a integración nela do tramo en estudo.

2. Na fase de proxecto de construción: os aspectos que se deben revisar nas auditorías de seguridade viaria dos proxectos de construción son, entre outros, os seguintes:

- Función da estrada.
- Seccións transversais.
- Trazado.
- Deseño dos nós.
- Disposición xeral do sistema de drenaxe.
- Características superficiais do firme.
- Sinalización.
- Balizamento.
- Tratamento das marxes da estrada.
- Sistemas de contención de vehículos.
- Iluminación.
- Restantes elementos de equipamento da estrada.
- Accesos á estrada.
- Estruturas.

Túneles naqueles aspectos en que non sexan de aplicación a Directiva 2004/54/CE e o Real decreto 635/2006, do 26 de maio.

- Tramos urbanos e travesías de poboacións.
- Seguridade, se é o caso, dos peóns, ciclistas, motociclistas e do transporte público.
- Impactos na seguridade da circulación na rede viaria existente.
- Medidas de ordenación temporal do tráfico durante a obra.
- Medidas para a explotación segura.

3. Na fase previa á posta en servizo: os aspectos que se deben revisar nas auditorías de seguridade viaria na fase previa á posta en servizo tanto no tramo que se poña en servizo como nos nós e conexións co resto da rede viaria son, entre outros, os seguintes:

- Adecuación e lexibilidade da sinalización vertical e horizontal e do balizamento.
- Adecuación do estado do firme e do sistema de drenaxe.
- Condições de seguridade das marxes.
- Adecuación da disposición dos sistemas de contención.
- Adecuación das distancias de visibilidade.
- Adecuación das transicións entre seccións de distintas características.
- Adecuación das disposicións de seguridade para todos os usuarios da estrada.
- Adecuación dos accesos ás instalacións previstas para as tarefas de conservación e explotación da estrada.

4. Na fase inicial en servizo: avaliación da seguridade á luz do comportamento real dos usuarios.

ANEXO III

Cráterios para a xestión da seguridade das infraestruturas viarias en servizo

1. Determinación dos tramos de estrada con alta concentración de accidentes. –O procedemento de detección de tramos de concentración de accidentes (TCA) permitirá identificar os tramos en que os rexistros de accidentes procedentes do Rexistro Estatal de Víctimas e Accidentes de Tráfico e a información sobre as características, a tipoloxía e as intensidades de tráfico das estradas indiquen que o nivel de risco de accidente é significativamente superior ao medio nos tramos da rede de características semellantes e nos cales unha actuación de mellora da infraestrutura pode conducir previsiblemente a unha redución efectiva da accidentalidade. Neste procedemento deberase ter en conta, polo menos, o número de accidentes con vítimas que se rexistraron durante os tres anos anteriores en relación co volume de tráfico. Para os efectos de facilitar a coordinación das medidas de xestión de tráfico e de seguridade viaria que resulten oportunas no ámbito de aplicación deste real decreto, a Dirección Xeral de Estradas informará a Dirección Xeral de Tráfico sobre a localización dos tramos de concentración de accidentes que fosen identificados.

2. Determinación dos tramos cun alto potencial de mellora da seguridade.–A identificación dos tramos cun alto potencial de mellora da seguridade (TAPM) estará baseada na clasificación dos tramos completos da rede de estradas en servizo atendendo ao seu potencial de mellora da seguridade e de aforro de custos orixinados polos accidentes de circulación. O procedemento de clasificación da rede e identificación e estudo dos TAPM constará dos seguintes elementos:

- a) Clasificación da rede en categorías de seccións comparables.
- b) Tramificación da rede en seccións homoxéneas conforme factores relacionados coa seguridade, como tipo de estrada, volume do tráfico e tipoloxía do tráfico.
- c) Estimación da redución potencial de custos da accidentalidade alcanzable en cada sección da rede mediante actuacións de mellora da infraestrutura.
- d) Identificación dos tramos completos da rede en que a redución potencial de custos da accidentalidade resulte máis elevada, que serán considerados tramos cun alto potencial de mellora da seguridade (TAPM).
- e) Estudo detallado dos TAPM por un equipo de expertos para definir e valorar as medidas de mellora da seguridade viaria adecuadas.